

Bases legais da Promoción “Plan Amigo Vacacións”

CONDICIÓNS DA PROMOCIÓN

A entidade mercantil BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A., con domicilio en Bilbao, Plaza de San Nicolás núm. 4, e provista do CIF núm. A48265169 (de agora en diante, “BBVA”) organiza a presente promoción denominada “Plan Amigo Vacacións” (de agora en diante, a “Promoción”), que se rexerá polas seguintes bases legais (de agora en diante, as “Bases legais”).

1. ¿En qué consiste esta Promoción?

Esta promoción ten como obxectivo incentivar a participación tanto de clientes do BBVA (de agora en diante “Padriño BBVA”) como de non clientes (de agora en diante “Apadriñado BBVA”) nunha competición por Equipos, onde o Equipo que cumpra coas condicións establecidas nestas Bases legais obterá un premio para cada un dos seus integrantes.

2. Canto dura esta promoción?

O prazo durante o que podes participar na Promoción comezará o día 3 de abril de 2023 ás 00:00 horas (hora peninsular española) e finalizará o día 26 de xuño de 2023 ás 23:59 horas (hora peninsular española), ambos incluídos (de agora en diante, o “Período de vixencia”).

3. Cal é o premio da promoción?

O premio desta promoción consiste nun bono cambiabile para realizar unha viaxe completa (desprazamento e aloxamento), que será entregado a cada participante do Equipo que resulte gañador da competición.

As condicións do premio quedan recollidas no apartado 11.

4. Como se crea un Equipo e quen o compón?

Todos os Equipos que participen desta promoción terán as seguintes características:

Só os “Padriños BBVA” poderán crear Equipos, e estará restrinxido a un (1) só Equipo por promoción. Para iso, como “Padriño BBVA” terás que aceptar as Bases legais desta “Promoción”, e coa confirmación da súa sinatura entregaremosche un código personalizado de promoción e un identificador único do teu Equipo. Este código personalizado de promoción estará limitado a tres (3) usos tal e como se explica no apartado 9.

- Os “Apadriñados BBVA” serán convidados polos “Padriños BBVA” a formar parte do seu Equipo, e para iso, os “Apadriñados BBVA” terán que facerse clientes do BBVA, ben a través de bbva.es, movil.bbva.es, ou a aplicación móbil do BBVA (para sistemas operativos Android e iOS), empregando para iso o código personalizado de promoción facilitado polo “Padriño BBVA”.
- Así mesmo, os “Apadriñados BBVA” só poderán participar nun (1) só Equipo durante a vixencia da promoción, e non poderán baixo ningún concepto crear o seu propio Equipo.
- Ademais, para fomentar a participación e a adhesión de novos “Apadriñados BBVA” a un Equipo, como “Apadriñado BBVA”,

cando completes o proceso de alta como cliente recibirás pola súa parte un código personalizado de promoción, limitado tamén a tres (3) usos e asociado ao mesmo Equipo ao que pertences, de xeito que tamén o poidas compartir con amigos e familiares non clientes do BBVA.

- O número máximo de “integrantes confirmados” dun Equipo será de cento unha (101) persoas, distribuídos: un (1) “Padriño BBVA” e cen (100) “Apadriñados BBVA”.

5. Como se determina o Equipo gañador?

As condicións para determinar o Equipo gañador son as seguintes:

- O Equipo gañador deberá acadar os (100) “integrantes confirmados”: (1) “Padriño BBVA” e (99) “Apadriñados BBVA”, todos confirmados.
- Que ti como “Padriño BBVA”, cumprindo coas condicións requiridas nestas Bases legais, adquirirás a condición de “integrante confirmado” no teu Equipo.
- Os “Apadriñados BBVA”, ben convidados por algún outro “Apadriñado BBVA” do teu Equipo ou por ti, cumprindo coas condicións requiridas nas Bases legais da promoción que asinan no proceso de Alta como cliente BBVA (ver apartado 10), acadarán tamén a condición de “integrante confirmado” no teu Equipo.

Ademais, diariamente, durante o período de vixencia da promoción e ata a súa finalización, revisaranse diariamente as condicións de cada un dos participantes da promoción (“Padriños BBVA e Apadriñados BBVA” de todos os Equipos) e, se como resultado se determina a existencia dun Equipo gañador, automaticamente se dará por finalizada a promoción e:

- Comunicarase aos integrantes do Equipo gañador a súa condición de “Gañadores da competición”, e entregaráselles as instrucións para poder acceder ao seu premio.
- Non se permitirá a sinatura de novos contratos aos “Padriños BBVA” asociados a esta promoción.
- Non se permitirán novos Equipos.
- Todos os códigos personalizados emitidos ata ese momento quedarán anulados.
- Non se permitirán novas altas de clientes (“Apadriñados BBVA”) onde se estea empregando un código personalizado desta promoción.

Se por algunha razón, dous ou máis Equipos acadasen a condición de “101 integrantes confirmados” na mesma data (durante ou ao finalizar o período de vixencia), o gañador determinarase tomando como referencia o momento (ou data “TIMESTAMP” da condición esixida) en que o último “Apadriñado BBVA” cumpriu primeiro coa condición esixida pola promoción correspondente. Esta persoa será a que determinará cal é o primeiro Equipo con 101 integrantes confirmados.

Igualmente, se ao finalizar a competición ningún Equipo lograse acadar a condición de 101 “integrantes confirmados”, o gañador será aquel Equipo que máis integrantes confirmados teña sempre e cando sexa igual ou superior a 20 integrantes confirmados. Se existisen dous ou máis Equipos que cumpren esta condición, o resultado determinarase seguindo a mesma regra do punto anterior. Se pola contra, ningún Equipo obtén 20 ou máis integrantes confirmados ao finalizar o período de vixencia, a competición quedará deserta sen Equipo gañador, por conseguinte non se realizaría a entrega de ningún premio.

6. A quen está dirixida a Promoción?

A Promoción está destinada a persoas físicas maiores de 18 anos na data de inicio da Promoción, residentes en territorio español e que se desen de alta no BBVA, polas vías explicadas no apartado 1.

Estas Bases Legais regulan a participación na Promoción de dous tipos distintos de participantes: “Padriños BBVA” e “Apadriñados BBVA”.

Igualmente, os “Apadriñados BBVA” disporán dunhas bases legais asociadas á súa promoción que serán complementarias a estas.

7. quen está excluído de participar nesta Promoción?

Como “Padriño BBVA” quedarás excluído da participación na Promoción en caso de que interviñeses na súa organización, así como se es empregado en activo e prexubilado tanto do BBVA como do seu grupo de empresas.

Así mesmo, como “Padriño BBVA”, tampouco podes participar na Promoción, mesmo se reúnes as condicións expresadas nas presentes Bases legais, se durante o Período de Vixencia e ata a entrega da bonificación es debedor fronte ao BBVA por calquera

cantidade vencida e esixible. No devandito suposto, terás que regularizar a situación antes da recepción do Premio. Se chegada a data para entrega do premio non regularizaches a débeda, perderás o dereito a recibila e non se che entregará.

8. Que pasos debes seguir para poder participar na Promoción como "Padriño BBVA"?

Para poderes participar como "Padriño BBVA" debes cumprir todos e cada un dos seguintes requisitos:

- Ser cliente do BBVA e dispor dunha conta bancaria en que es titular.
- Non causar baixa como cliente BBVA durante os seis (6) meses anteriores ao comezo da Promoción
- Ter asinado o contrato multicanle do BBVA.
- Acceder á túa área privada de clientes de bbva.es (no web ou na app móbil).
- Acceder á sección "Convida un amigo" da área privada en que se encontra localizada a promoción que hai que asinar e que permite xerar tanto o teu código personalizado de promoción como o teu identificador de Equipo
- Aceptar e asinar as presentes Bases legais da promoción
- Copiar e gardar o código personalizado de promoción asociado á Promoción asinada como "Padriño BBVA".
- Compartir o código personalizado da promoción cos teus amigos interesados en ser clientes do BBVA cumprindo, en todo momento, os termos e condicións de uso aplicables aos medios utilizados para comunicar o código personalizado de promoción, e sempre que o código personalizado da promoción estea dentro do número máximo de "usos" establecidos, segundo se indica no apartado 9. Como "Padriño BBVA" debes actuar dilixentemente e compartir o código personalizado de promoción unicamente entre os teus amigos que estivesen interesados en seren clientes do BBVA. Será causa de cancelación automática da Promoción, sen prexuízo do incumprimento de calquera outra condición para a participación na Promoción establecida nestas Bases legais, que envíes de forma masiva e fraudulenta o código personalizado da promoción, así como que crees un spam colectivo fóra do grupo das túas propias amizades que estivesen interesadas en seren clientes do BBVA (tal e como se indica nos apartados 15 e 20). Así mesmo, tampouco poderás utilizar ferramentas de envío masivo de mensaxes nin suplantar ou simular o envío do código personalizado de promoción utilizando outra persoa que non sexas ti, como "Padriño BBVA";
- En caso de resultar gañador, na data de finalización da promoción, ben porque se cumpriu o "Período de Vixencia", ou ben porque se completasen as 101 prazas antes da finalización da promoción, manter un saldo igual ou superior a 500€ na conta seleccionada asociada a esta promoción.
- Adicionalmente, para que como "Padriño BBVA" poidas obter o Premio descrito nas presentes Bases legais, será preciso, ademais dos requisitos indicados anteriormente, que un "Apadriñado BBVA":
 - (i) Contratase no BBVA unha Conta e unha Tarxeta a partir do código personalizado da promoción xerado e compartido por ti, como "Padriño BBVA", sempre e cando o código personalizado da promoción estea dentro do número máximo de "usos" establecidos, segundo se indica no apartado 9;
 - (ii) Cumprise cos requisitos de participación indicados no apartado 10 do seguinte documento;
 - (iii) Cumprise calquera outra obriga prevista nas Bases legais.

9. Como "Padriño BBVA", cal é o teu código personalizado de promoción?

O teu código personalizado da promoción, como "Padriño BBVA", que é xerado a partir da contratación e sinatura que realizas da presente promoción e que se regula nestas Bases legais, igualmente asinadas, é:

- Código personalizado de promoción:

Este código personalizado da promoción en ningún momento incluírá datos de carácter persoal, e igualmente, ti como "Padriño BBVA" serás responsable de compartir este código personalizado cos teus "Apadriñados BBVA" non clientes. Así mesmo, á hora de compartir este código personalizado cos teus "Apadriñados BBVA" non clientes, como cliente "Padriño BBVA" serás responsable do tratamento dos datos de carácter persoal destes ("Apadriñados BBVA" non clientes) que se realice fóra da plataforma do Banco.

Este código personalizado da promoción terá un límite de tres (3) usos, considerando como "uso" o emprego que realizan os "Apadriñados BBVA" deste código ao adherirse á promoción, e estará unicamente asociado ao Identificador único do Equipo que che foi asignado no momento da sinatura destas Bases legais. Unha vez atinxido o número máximo de usos, este código personalizado

de promoción quedará inhabilitado por parte do BBVA e non poderá ser utilizado en novos procesos de alta de clientes asociados a esta promoción.

10. Que pasos deben seguir os teus amigos "Apadriñados BBVA" para poderen participar na Promoción?

Para que os teus amigos poidan participar como "Apadriñado BBVA" na Promoción deben seguir os seguintes pasos:

- Non seren clientes do BBVA.
- Que non causasen baixa como clientes BBVA durante os seis (6) meses anteriores ao comezo da Promoción.
- Aceptar as Bases legais da Promoción durante o "Período de Vixencia".
 - Verificaren que queda indicado e validado no campo "Código promocional" do proceso de alta de clientes, o código personalizado da promoción que un "Padriño BBVA" ou "Apadriñado BBVA" xerese e compartise con el;
 - Darte de alta por Internet en bbva.es, m.bbva.es ou app contratando o produto Conta Online BBVA (de agora en diante, a "Conta Online BBVA") máis a tarxeta Aqua Débito/Crédito (de agora en diante, a "Tarxeta"), e
 - Activar a súa Tarxeta.
 - Realizar unha (1) compra coa súa Tarxeta BBVA por un importe igual ou superior a 30,00 € no prazo determinado polo "Período de Vixencia" da promoción. O dito importe de 30,00 € deberá ser dunha (1) única compra, non do sumatorio de varias compras que como "Apadriñado BBVA" puideses realizar coa túa tarxeta do BBVA.
 - Tras completar este proceso, sempre e cando non se determinase xa un Equipo gañador, adquirirán a condición de "integrante confirmado" para o teu Equipo.

Os teus amigos, como "Apadriñados BBVA", disporán dun prazo máximo de trinta (30) días naturais desde a sinatura do contrato da conta para procederen ao envío da información e documentación solicitada polo BBVA para a contratación e alta da conta BBVA e, en consecuencia, a súa entrada en vigor. Se transcorrido o devandito prazo a conta BBVA non estivese operativa, porque non se puido dar de alta esta por falta da información e documentación solicitadas, a Promoción quedará cancelada para os teus amigos ("Apadriñados BBVA") que non cumprisen dentro do prazo estipulado.

Cada convite, proceso de adhesión e liquidación do Premio de cada "Apadriñado BBVA" é independente con respecto a outros convites xerados e enviados polo "Padriño BBVA".

Os teus amigos "Apadriñados BBVA" adquirirán a condición de "integrante confirmado" nesta Promoción sempre que completasen o proceso de alta de cliente do BBVA a partir dun código personalizado de promoción válida, compartido ben por algún outro "Apadriñado BBVA" vinculado ao teu Equipo ou por ti, o seu "Padriño BBVA", sempre que estea dentro do número máximo de "usos" establecidos, tal e como se describe no apartado 9, e ademais cumpran os requisitos asinados e especificados nas Bases legais da promoción e con independencia de que ti, como "Padriño BBVA", deixes de cumprir as condicións esixidas nestas Bases legais como "Padriño BBVA".

11. Que Premio recibirán os teus amigos como "Apadriñado BBVA" e ti como "Padriño BBVA"?

No caso de que os teus amigos e ti cumprades coas condicións de participación como "Apadriñado BBVA" e "Padriño BBVA", respectivamente, recibiredes cada un como "Premio" un bono de viaxe valorado en 1.228,00 € brutos (1.000,00 € netos).

Este bono terá as seguintes características:

- É nominativo.
- Só se poderá contratar unha viaxe.
- Poderá ser trocado para calquera destino que elixas e que poida ser xestionado pola axencia de viaxes BTravel.
- Os destinos sempre terán que ser paquetes turísticos incluíndo voos, traslados e hotel ou circuitos organizados.
- O valor neto é de 1.000,00 €, e en caso de non consumirse o 100% do devandito importe, o sobranse non se reembolsará ao "Padriño BBVA" e/ou "Apadriñado BBVA".
- A reserva da viaxe terá que realizarse antes do 1 de decembro de 2023. Fóra deste prazo non se poderá trocar o bono.
- A data para a realización da viaxe non poderá superar o 30 de setembro de 2024 e estará condicionada á dispoñibilidade do

destino seleccionado.

- Se o prezo da viaxe seleccionada é superior ao valor neto do bono, ben o "Padriño BBVA" ou o "Apadriñado BBVA", no caso que cumpra, deberán de cubrir o importe restante para realizar a devandita compra.

O acceso ao Premio estará supeditado ao cumprimento por parte do "Padriño BBVA" e "Apadriñado BBVA" das condicións previstas nas súas respectivas Bases legais.

O Premio non será susceptible de cambio, alteración ou compensación a pedimento do "Padriño BBVA" ou do "Apadriñado BBVA". En caso de rexeitamento do Premio non se ofrecerá ningún alternativo. Igualmente está prohibida a súa venda.

No suposto de non existiren participantes, o BBVA poderá declarar deserta a Promoción.

12. Como se notifica o Premio?

A comunicación do Premio, tanto ao "Padriño BBVA" como ao "Apadriñado BBVA", realizarase como moi tarde aos seis (6) meses, tomando como referencia a data de finalización da comercialización da presente promoción ("Período de Vixencia")

13. Como trocar o Premio?

Tanto o "Padriño BBVA" como o "Apadriñado BBVA" poderán trocar o seu premio (nos prazos fixados no apartado 11) na oficina que BTravel, como axencia de viaxes colaboradora (sendo a súa denominación social: AVORIS RETAIL DIVISION, co CIF: B07012107), pon a disposición contactando:

- Por teléfono: 91 750 39 91
- Por correo electrónico: mad-lavela@btravel.com

O horario comercial de atención aos clientes será:

- De luns a venres
- De 9:30 a 16:30

14. Que acontece en caso de incumprimento das condicións da Promoción?

No suposto de que como "Padriño BBVA" ou "Apadriñado BBVA" incumprídeses calquera das condicións establecidas nas Bases Legais, a Promoción quedará cancelada para o participante que as incumpra.

Igualmente, no caso de incumprimento por parte do "Padriño BBVA" ou do "Apadriñado BBVA" e de que recibise o Premio algún deles, o incumpridor, terá a obriga de devolvelo. O BBVA realizará un cargo polo importe do Premio na conta de que es titular.

Unha vez incumpridas as presentes Bases legais, a Promoción quedará cancelada para o participante infractor, aínda que con posterioridade cumpra as condicións desta.

15. Como "Padriño BBVA", que supón a aceptación das Bases legais?

A aceptación das Bases Legais, como "Padriño BBVA", supón a plena conformidade con elas, así como a aceptación do criterio do BBVA na resolución de calquera conflito que puidese xerar a interpretación destas. Como participante, deberás seguir as instrucións que puidese cursar, se é o caso, o BBVA.

O BBVA resérvase o dereito de descualificar, segundo o seu criterio exclusivo, calquera participante que manipule, intente manipular a Promoción ou viole calquera dos termos e condicións das presentes Bases Legais.

O BBVA poderá adoptar todas as decisións necesarias para a resolución das controversias e conflitos que xurdan no desenvolvemento da Promoción, sempre que estas non prexudiquen indebidamente os participantes e resulten equitativas.

No suposto de non cumprires as condicións de participación anteriores aplicables, como "Padriño BBVA", ou non cumprires con todos os requisitos establecidos nas Bases Legais, non terás dereito a recibir o Premio nos termos establecidos nelas.

16. Que acontece en caso de fraude?

No caso de que o BBVA, ou calquera entidade que estea ligada profesionalmente á Promoción, detecte calquera anomalía ou sospeiten que un participante está impedindo o normal desenvolvemento deste, o BBVA poderá de forma unilateral eliminar a

intervención dese participante. Con esta finalidade, o BBVA habilitou os necesarios soportes tecnolóxicos para detectar unha posible actuación fraudulenta, anómala ou dolosa que pretenda alterar a participación co obxectivo de lograr o premio de forma ilícita. Polo tanto, o BBVA resérvase o dereito de eliminar do rexistro calquera participante que evidencie ou do que se sospeite unha actuación irregular no sentido descrito.

Entenderase por posible actuación fraudulenta, anómala ou dolosa, entre outras, cando o “Padriño BBVA” comparta o código personalizado da promoción de maneira aberta en foros, redes sociais ou en calquera medio de divulgación masiva que se encontre fóra do grupo das súas propias amizades.

17. Cal é o período de reclamación?

O período de reclamación da Promoción finaliza transcorridos doce (12) meses desde a data de finalización do Período de Vixencia.

18. Que tratamento se dará aos datos de carácter persoal?

Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A. con domicilio social en Plaza de San Nicolás, 4, 48005, Bilbao e enderezo electrónico consultasgenerales@bbva.com é o responsable do tratamento dos datos persoais que nos facilites con ocasión da túa participación nesta Promoción.

O BBVA necesita tratar os seguintes datos persoais: nome e apelidos, idade, NIF/NIE/pasaporte, número de teléfono e enderezo electrónico, coa finalidade de levar a cabo a organización, control e seguimento da Promoción e para a entrega da bonificación ou premio, no caso de que resultes premiado. A base de lexitimación é a execución do presente contrato.

Conservaremos os teus datos persoais para este tratamento concreto durante a vixencia da relación contractual. Unha vez finalizado o devandito prazo, manteremos bloqueados aqueles datos persoais que sexan necesarios durante os prazos de prescrición legal para os exclusivos efectos de reclamacións ou accións legais. Transcorridos os prazos de prescrición legal, destruiremos os teus datos.

Agás nos supostos que a continuación detallamos, cuxa base de lexitimación é a execución do presente contrato, non se van comunicar os datos persoais a terceiros, non sendo que a lei nos obrigue ou que se solicite o consentimento correspondente para facelo:

- O BBVA debe informar a Axencia de viaxes BTravel (cuxa denominación social é: AVORIS RETAIL DIVISION, co CIF: B07012107) dos teus datos persoais necesarios para poder identificarte como gañador do premio, para que poidas realizar o correspondente troco do teu bono. Os datos persoais que se compartirán serán: Nome e apelidos e o NIF, NIE ou pasaporte do gañador.
- BTravel debe informar o BBVA do troco do bono realizado, así como do seu importe, de tal xeito que o BBVA poida aplicar a regulación fiscal e trámites correspondentes descritos no apartado 19 destas Bases legais. Os datos persoais que se compartirán serán: Nome e apelidos, NIF do gañador e importe do bono finalmente consumido.

Poderás exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, mediante un escrito a través de derechosprotecciondatos@bbva.com. A supresión dos datos necesarios para a xestión da Promoción suporá a baixa automática da Promoción. Se consideras que non tratamos os teus datos persoais de acordo coa normativa, poderás contactar co delegado de protección de datos do BBVA no enderezo dpogrupobbva@bbva.com. En calquera caso, poderás presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

19. Que fiscalidade ten o premio?

Para o “Padriño BBVA”, o valor establecido do premio é de 1.228,00 € brutos (1.000,00 € netos) e ten a consideración de ganancia patrimonial en especie sometida a ingreso a conta aos tipos vixentes no momento deste, ao ser a súa valoración superior a 300 euros. O tipo impositivo actual para residentes fiscais en territorio español é do 19% e a base da retención é o resultado de incrementar un 20% o custo de adquisición ou compra do premio.

O BBVA realizará o ingreso a conta ao “Padriño BBVA” e procederá a ingresalo no Tesouro por conta do titular, pondo a disposición, de cara á declaración da renda, a información fiscal correspondente. Tanto a ganancia coma o ingreso a conta impútanse ao devandito titular, independentemente do resto de titulares da conta. Todo o anterior sen prexuízo das modificacións fiscais que se poidan realizar durante a validez desta promoción.

En caso de dúbida, consulta co teu asesor fiscal.

20. Cal é a responsabilidade do BBVA na Promoción?

O BBVA non se responsabiliza das posibles perdas, deterioracións, roubos, atrasos ou calquera outra circunstancia imputable a terceiros ou a Internet que puidesen afectar á participación na promoción.

O BBVA resérvase o dereito de anular calquera participación ou calquera participante se existen sospeitas dunha manipulación incorrecta da promoción.

Así mesmo, o BBVA exclúe calquera responsabilidade polos danos e perdas de toda natureza que, a pesar das medidas de seguridade adoptadas, puidesen deberse á utilización indebida dos servizos e dos contidos por parte dos participantes e, en particular, aínda que non de forma exclusiva, polos danos e perdas de toda natureza que poidan deberse á suplantación da personalidade dun terceiro efectuada por un usuario en calquera clase de comunicación realizada.

O BBVA queda facultado para resolver sen causa xustificada as presentes Bases legais e con iso a promoción asociada.

Igualmente, o BBVA exclúe calquera responsabilidade polos danos e perdas de toda natureza que poidan derivar do envío masivo e fraudulento do código personalizado de promoción, así como da xeración de spam colectivo (publicación en foros, redes sociais e medios de divulgación masiva) fóra do grupo das propias amizades do "Padriño BBVA" que estivesen interesadas en seren clientes do BBVA.

O BBVA queda facultado para resolver calquera continxencia non prevista nas presentes bases legais.

Aceptas que o BBVA poida adiar, acurtar, prorrogar, modificar, cancelar ou suspender a promoción debido a causas de forza maior alleas ao seu control, en cuxo caso se compromete a informarte desa circunstancia o máis axiña posible.

No caso de que calquera apartado destas Bases legais sexa declarado nulo ou inválido, seguirán en vigor os restantes apartados non afectadas por esta.

21. Lexislación e foro

Para calquera controversia aplicarase a lexislación española ante os xulgados e tribunais do domicilio do cliente.